

CONCRECIÓN CURRICULAR

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36015172	CEIP A Xunqueira Nº 2	Pontevedra	2022/2023

Contido	Páxina
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias	4
c) Os criterios para incorporar elementos transversais	6
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	6
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	9
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	11
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	11
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	12
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	12
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	12
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	16
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas, que incluírán un modelo de programación e de resumo para o alumnado e as familias	17
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	17
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	18
o) Outros apartados	18

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

O CEIP XUNQUEIRA 2, dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria o seu centro adscrito é o IES de Xunqueira II, imparte as ensinanzas correspondentes a Educación Infantil e Primaria. Está catalogado con 16 unidades, 4 para Infantil e 12 para Educación Primaria, dispoñendo de aula de pedagogía terapéutica, de audición e linguaxe e departamento de orientación, aula de relixión , 2 aulas ingles, aula música, aula informática e aula psicomotricidade.

O centro conta con dúas seccións bilingües no primeiro ciclo de Educación Primaria onde se imparte a materia de plástica en inglés.

Conta tamén con pavillón externo ao centro, amplo patio , con espazos diferenciados para Ed. infantil e Ed. primaria.

Conta con comedor e plan madrugga

O seu alumnado procede na súa maior parte da cidade de Pontevedra e tamén ten alumnado de zonas limítrofes: Lárez, Cerponzóns, Poio...

O contexto lingüístico é maioritariamente castelán. O galego, segundo se desprende das enquisas realizadas polo centro, vén sendo unha lingua de uso puntual nas familias máis novas, aínda que se aprecia unha maior presenza da nosa fala no caso dos avós.

O contexto socioeconómico do que procede a maioría do noso alumnado é medio -baixo, pertencendo a maioría das familias ao sector servizos.

Según o DECRETO 150/2022, de 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia. A educación infantil contribuirá a desenvolver nas nenas e nenos as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, así como as súas posibilidades de acción, e aprender a respetar as diferencias.
- b) Observar e explorar o seu entorno familiar, natural e social.
- c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- d) Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas.
- e) Relacionarse coas demais persoas en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse no uso da empatía e a resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia.
- f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, e na lectura e a escritura, e no movemento, o xesto e o ritmo.
- h) Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade entre mulleres e homes.
- i) Coñecer e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron aportacións importantes á cultura e á sociedade galegas.

Así mesmo segundo o DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia establece que :

Na educación primaria contribuirase a desenvolver nas nenas e nos nenos as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas de forma empática, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respetar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a resolución pacífica de conflitos e a prevención da violencia, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito escolar e familiar, así como nos grupos sociais con que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respetar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por motivos de etnia, orientación ou identidade sexual, relixión ou crenzas, discapacidade ou outras condicións.
- e) Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.
- f) Adquirir, polo menos, nunha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requirán a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.

- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura.
- i) Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización para a aprendizaxe, utilizando un espírito crítico ante o seu funcionamento e as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física, o deporte e a alimentación como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan a empatía e o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
- n) Desenvolver hábitos cotiáns de mobilidade activa autónoma saudable, fomentando a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- ñ) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

b) A contribución á adquisición das competencias

As competencias básicas son os desempeños que se consideran imprescindibles para que o alumnado poida progresar con garantías de éxito no seu itinerario formativo e afrontar os principais retos e desafíos globais e locais. Son a adaptación ao sistema educativo das competencias clave establecidas na Recomendación do Consello da Unión Europea do 22 de maio de 2018 relativa ás competencias clave para a aprendizaxe permanente e aparecen recollidas no perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico.

A continuación recollemos como contribuímos ao desenvolvemento das distintas competencias dende as distintas áreas e proxectos de centro.

CCL-Competencia en comunicación lingüística.

Implica a habilidade de comunicarse e conectar eficazmente con outras persoas de forma adecuada e creativa, sabendo identificar, comprender, expresar, crear e interpretar conceptos, sentimentos, feitos e opinións de forma oral e escrita mediante materiais visuais, sonoros e dixitais nas distintas materias e contextos.

Dende as distintas áreas potencianse intercambios comunicativos respectuosos e eficaces, buscando mobilizar, de maneira consciente, o conxunto de coñecementos, destrezas e actitudes que permiten comprender, interpretar e valorar criticamente mensaxes orais, escritas, signadas ou multimodais evitando os riscos de manipulación e desinformación.

Algúns dos proxectos que axudan ao desenvolvemento desta competencia son os Polos Creativos e Radio na Biblioteca Escolar, ademais de tarefas como Creación de contos de medo polo Samaín, contacontos e exposición de traballos entre o alumnado.

CP-Competencia plurilingüe.

Esta competencia define a habilidade de empregar distintas linguas de forma adecuada e efectiva para a comunicación. Baséase na habilidade de comprender, expresar e interpretar conceptos, pensamentos, sentimentos, feitos e opinións de forma oral e escrita en diversos contextos sociais e culturais.

No que se refire a lingua galega, e partindo que non é a lingua maioritaria en canto a uso, foméntase a elaboración de traballos, contacontos, cancións, asembleas ... na mesma. Dende os Polos Creativos as producións van enfocadas ao uso do galego e da linguaxe de signos; Os programas da Radio Escolar tamén promoverán o uso da lingua galega. Con respecto a lingua estranxeira, contamos con Sección Bilingüe na materia de plástica no primeiro ciclo de primara ademais de Auxiliar de conversa.

STEM-Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería.

A competencia matemática é a habilidade de desenvolver e aplicar o razoamento e a perspectiva matemática coa finalidade de resolver diversos problemas en situacións cotiás. A competencia matemática entraña, en distintos

graos, a habilidade e a vontade de empregar modos matemáticos de pensamento e representación. A competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería alude a habilidade e a vontade de explicar o mundo natural empregando un amplo conxunto de coñecementos e metodoloxías, incluídas a observación e a experimentación, coa finalidade de propor preguntas e extraer conclusións baseadas en probas.

Para o desenvolvemento desta competencia dende o centro estase a introducir materiais manipulativos como as regretas en educación infantil e primeiro ciclo de primaria. Contamos co Clube de Ciencia para desenvolver o método científico e a participación en Pontenciencia no terceiro ciclo de primaria.

CD-Competencia dixital.

Implica o uso seguro, crítico e responsable das tecnoloxías dixitais para a aprendizaxe, no traballo e para a participación na sociedade, así como a interacción con estas. Inclúe a alfabetización en información e datos, a comunicación e a colaboración, a alfabetización mediática, a creación de contidos dixitais (incluída a programación), a seguridade (incluído o benestar dixital e as competencias relacionadas coa ciberseguridade), asuntos relacionados coa propiedade intelectual a resolución de problemas e o pensamento crítico.

Dende as distintas materias e cursos emprégase a aula virtual, participamos no proxecto Edixgal, traballo de robótica en educación infantil.

CPSAA-Competencia persoal, social e de aprender a aprender.

É a habilidade de reflexionar sobre un mesmo, xestionar o tempo e a información eficazmente, colaborar con outros de forma construtiva, manter a resiliencia e xestionar a aprendizaxe propia. Inclúe a habilidade de facer fronte a incerteza e a complexidade, aprender a aprender, contribuír ao propio benestar físico e emocional, conservar a saúde física e mental, sendo capaz de levar unha vida saudable, expresar empatía e xestionar os conflitos nun contexto integrador e de apoio.

Participamos nos seguintes proxectos que contribúen ao desenvolvemento da competencia: Educación responsable, reciclaxe, acompañamento escolar (contacontos, patios, aprendizaxe-servizo).

CC-Competencia cidadá.

É a habilidade de actuar como cidadáns responsables e participar plenamente na vida social e cívica, baseándose na comprensión dos conceptos e estruturas sociais, económicos, xurídicos e políticos, así como na sostibilidade e os acontecementos mundiais.

Educación responsable, reciclaxe, acompañamento escolar (contacontos, patios, aprendizaxe-servizo). Plan director, plan de acollida, período de tránsito (infantil-primaria/primaria-secundaria). Temas transversais. Hacer referencia a los diferente planes.

CC- Emprededora

Refírese a capacidade de actuar con arranxo a oportunidades e ideas, e transformalas en valores para outros. Baséase na creatividade, o pensamento crítico e a resolución de problemas, en tomar a iniciativa, a perseveranza e a habilidade de traballar de maneira colaborativa na planificación e a xestión e proxectos de valor financeiro, social ou cultural.

No centro desenvolvemos tarefas que contribúen ao desenvolvemento desta competencia como a Compostaxe, horto escolar, pontenciencia.

CC- Conciencia e expresión cultural

Implica comprender e respectar a forma en que as ideas e o significado exprésanse de forma creativa e comunícanse nas distintas culturas, así como a través dunha serie de artes e outras manifestacións culturais. Implica esforzarse por comprender, desenvolver e expresar ideas propias e un sentido de pertenza a sociedade ou de desempeñar unha función nesta en distintas formas e contextos.

Algunhas das actividades realizadas que contribúen ao desenvolvemento da competencia son as seguintes:

conmemoracións (samain, magosto, panxoliñas, día das artes, letras galegas,), propiciar o coñecemento doutras culturas a partir do alumnado extranxeiro e as súas familias. Lingua de signos. Educación en responsable.

c) Os criterios para incorporar elementos transversais

Os elementos transversais serán incluídos nas programacións de aula. Estes elementos transversais trabállanse en todas as materias, aínda que se traten especificamente nalgunha materia ao longo do curso.

Os elementos transvesais a traballar son os seguintes:

- Comprensión lectora.
- Expresión escrita.
- Comunicación audiovisual.
- Tecnoloxía da información e comunicación.
- Emprendemento.
- Educación cívica e constitucional.

O obxectivo final dos elementos transversais no currículo escolar é a formación integral do alumno/a, que inclúe dende o seu desenvolvemento cognitivo ata a súa integración na cultura cambiante da sociedade na que vive, pasando pola súa formación nos valores de solidariedade, cooperación e participación. O tratamento destes temas farase de forma íntegra nos contidos correspondentes ás distintas áreas didácticas, impregnando toda a actividade escolar e dotando dun sistema de valores para a vida e a convivencia.

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

A organización do espazo na clase é un factor esencial para poñer na práctica distintos métodos pedagóxicos. Nos propoñemos cinco maneiras de situar os pupitres que permitan axustar o espazo as necesidades de aprendizaxe dos nosos alumnos en cada momento:

- 1.- En filas horizontais: Estimula a concentración e mantense a atención dos alumnos. Resulta adecuada para as explicacións e rondas de preguntas e respostas.
- 2.- En círculo o en U: Esta forma permite unha boa visibilidade. Recoméndase para postas en común e debates e tamén para o traballo independente.
- 3.- En grupo de catro o por parellas: facilítase a interacción. Permite o traballo colaborativo, por proxectos e con intelixencias múltiples.
- 4.- En bloque: Mantense a atención nos momentos puntuais, como unha demostración o un experimento
- 5.- En forma de corredor: Permite mobilidade o profesorado e fomenta a participación dos alumnos. Recomendable para organizar debates e xogos.

A metodoloxía constitúe o conxunto de normas e decisións que organizan de xeito global a acción didáctica no Centro de Educación Infantil: o papel dos estudantes e educadores, o uso de medios e recursos, tipos de actividades, organización dos tempos e espazos, agrupamentos, secuenciación e tipos de tarefas, etc.

Debemos ter en conta que a liña de traballo que consideramos máis axeitada na preparación dos nosos horarios de clase está baseada nos principios metodolóxicos da educación infantil. Estes principios son os seguintes:

A perspectiva globalizadora, considerada a máis adecuada para o tratamento dos diferentes contidos e experiencias educativas na Educación Infantil, xa que o neno coñece e aprende a nivel mundial. O principio da globalización asume que a aprendizaxe é o produto do establecemento de múltiples conexións de relacións entre novas aprendizaxes e aprendizaxes xa adquiridas.

Aprendizaxe significativa, que os nenos atopen sentido na súa aprendizaxe; para iso deben establecer ligazóns de fondo entre o novo contido que deben aprender e o que ten nas súas estruturas cognitivas. Propoñeremos actividades motivadoras e experienciais para que poidan vivir directamente as tarefas de aprendizaxe.

Estar activo, sendo os propios nenos os que experimentan, observan, investigan ... e o profesor será unha guía no proceso de ensino-aprendizaxe.

O xogo como motor do desenvolvemento, xa que o xogo favorece o desenvolvemento de estruturas de coñecemento e os seus esquemas de relación, a través da actividade lúdica desenvolveremos todo o traballo na aula.

Debe ser vivido, comezando dende a contorna inmediata dos estudantes e aproveitando as situacións que ocorren na vida diaria..

As relacións fluídas e continuas coa familia permitirán unificar criterios e pautas de acción entre os adultos que participan directamente na educación do alumnado. Para que estas relacións sexan o mais naturais posible,

pediremos ás familias que participen das actividades.

É moi importante fixar uns criterios para establecer os agrupamentos do alumnado, orientados a favorecer o seu proceso de ensinanza-aprendizaxe, xa que na configuración destes grupos inflúe de xeito determinante a atención á diversidade. Partiremos de:

-Respectar o principio de normalización, inclusión escolar e social.

-Non poderá haber agrupamentos discriminatorios do alumnado

-Débese posibilitar a configuración de agrupamentos flexibles, como unha das medidas de atención á diversidade.

CRITERIOS:

1.-A equidade de ambos grupos eliminando a priori as desigualdades.

2.-A reestruturación dos dous grupos ao finalizar o segundo ciclo de Educación Infantil permitirá correxir posibles desigualdades que vaian presentándose ao longo desta etapa.

A redistribución poderase realizar antes de finalizar o ciclo (casos excepcionais e debidamente xustificadas pola xefatura de estudos e o DO) xa que a estas idades o alumnado establece as súas primeiras relacións con iguais, que modelan a súa personalidade, a súa autoestima, as pautas de comportamento e relación cos demais, aparecendo os primeiros amigos e amigas.

3.- Reestruturación dos grupos ao finalizar os ciclos sempre que se considere oportuno.

4.-A igualdade entre ambos sexos, de modo que ambos grupos estean equilibrados xa que esta mestura permite a interacción do alumnado con nenas e do outro sexo enriquecéndo as mesmas e non véndose estereotipadas por ningún elemento de xénero.

5.-A división equitativa do alumnado con déficits de desenvolvemento ou posibles déficits vai permitir aos/ás titores/as poder dedicar mellor atención a este tipo de alumnado e compensar estes déficits.

De igual modo esta división equitativa de NEAE (alumnado con necesidade específica de apoio educativo) permitirá ao alumnado dos grupos poder desenvolver valores e actitudes de respecto ás diferenzas, axuda e colaboración, potenciando a posibilidade de eliminar carencias e facilitando a formación en valores democráticos fundamentais como son a tolerancia e a solidariedade.

5.-A división do alumnado inmigrante en ambos grupos, favorece o que a partir do coñecemento das características e costumes doutros pobos, se respécte á diferenza entre culturas xa que esta non contribúe a facer a uns cidadáns mellores que outros, senón ao enriquecemento de todos.

6.-A división equitativa de alumnado por competencia curricular permitirá poder homoxeneizar os grupos, traballando actitudes de colaboración, interese, esforzo persoal e a través do traballo cooperativo, facendo diminuír as posibles diferenzas curriculares que haxa en cada un dos grupos.

Posibilítalle ao alumno, ao mesturar os grupos, o poder cambiar de rol, posición social e académico do alumnado dentro do grupo, mellorando a súa autoestima.

7.-A división equitativa do alumnado que presenta problemas de conduta que interfiran no normal desenvolvemento das clases posibilitará que se poidan adquirir hábitos de convivencia democrática e de respecto, que se poida traballar con eles e elas de forma máis específica con obxecto de eliminar ou polo menos reconducir este tipo de condutas.

8.-A nova configuración dos grupos facilita a adaptación a outros compañeiros e compañeiras, favorece o coñecemento entre eles e prepáralles para futuros cambios nun medio en continua transformación. Aprenden a enfrontarse/adaptarse a situacións novas, favorecendo a súa aprendizaxe en habilidades sociais.

Mellora a socialización: ao permitir que os alumnos coñezan a outros compañeiros. Ao relacionarse con máis compañeiros mellora o seu desenvolvemento social.

Rómpanse rivalidades entre os grupos e familias.

As familias ven modificados os seus hábitos titoriais e de relación respecto de un mesmo grupo propiciando a súa adaptación. Igualmente cambia a percepción de pertenza do seu fillo/á o grupo de bos ou malos no seu caso, favorecendo os conceptos de igualdade, solidariedade e non discriminación.

10.- A separación dos xemelos e mellizos favorece o seu mellor desenvolvemento e autonomía persoal o que conleva unha mellor autoestima.(farase esta separación sempre que as familias o consideren oportuno e den o seu consentimento)

CRITERIOS PARA ESTABLECER OS AGRUPAMENTOS DO ALUMNADO

ALUMNADO DE NOVA INCORPORACIÓN (TRES ANOS)

Os agrupamentos faranse atendendo á ratio vixente de 25 alumnos por unidade.

EQUIPO PARA A CONFECCIÓN DOS GRUPOS : Equipo directivo, profesorado de nivel, orientadora de ser o caso. Para a primeira asignación do alumnado de 3 anos de nova incorporación ao centro establécense as seguintes

PAUTAS DE ACTUACIÓN:

Revisión por parte das titoras de 3 anos de Educación Infantil da documentación, do alumnado que accede por primeira vez ao centro.

División do alumnado por grupos atendendo aos seguintes criterios pedagóxicos:

- Distribución equitativa de número de alumnos e alumnas.
- Se nun grupo hai un/una alumno/a con discapacidade física, psíquica ou sensorial ou presenta algún tipo de trastorno grave do desenvolvemento e noutro non, entón reducirase este grupo sempre que a ratio sexa superior e sexa posible o desdobre.
- Distribución equitativa entre alumnas e alumnos. Orde alfabético do primeiro apelido.
- En caso de alumnado con NEAE asignarase por igual a ambos grupos.
- No caso de que haxa alumnado inmigrante con descoñecemento do idioma asignarase por igual ambos grupos.
- No caso de que o seu número sexa impar asignarase ao grupo con menor número de ANEAE.
- En caso de mellizos, xemelgos - irmáns que por outra circunstancia coincidan no mesmo nivel, agrúpanse preferentemente en clases separadas para favorecer o seu mellor desenvolvemento e autonomía persoal. (sempre que as familias presenten acordo con esta situación)

Levantarase acta dos acordos.

A o longo dos seguintes cursos da Etapa Infantil, calquera cambio de alumnado nos agrupamentos será de modo individual. Levaranse a cabo as seguintes actuacións:

Estudo por parte de profesorado titor, do Equipo Docente, orientadora, Equipo Directivo e EOE de ser o caso. Información a familia do alumno/a. Información a Claustro e Consello Escolar.

AGRUPAMENTOS NA ETAPA PRIMARIA

PROMOCIÓN DA ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL Á ETAPA DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Os agrupamentos farase atendendo á ratio vixente de 25 alumnos por unidade. Mesturarase o alumnado de Educación Infantil en dous grupos.

EQUIPO PARA A CONFECCIÓN DOS GRUPOS: Equipo Directivo, profesorado de Educación Infantil, titoras do Primeiro Nivel de Educación Primaria e orientadora.

PAUTAS DE ACTUACIÓN:

Documentación aportada polas titoras

Revisión ao final do curso académico por parte das titoras do primeiro nivel de primaria dos expedientes e da competencia curricular do alumnado de final de ciclo.

Reunión do equipo para o estudo común das características deste alumnado e establecemento de nova proposta de agrupamento de alumnos e alumnas.

Redistribución do alumnado por grupos atendendo aos seguintes criterios pedagóxicos por orde de importancia:

- Igual número de nenos e nenas con dificultades de aprendizaxe en ambos grupos.
- División equitativa de alumnado por competencia curricular, existindo en ambos grupos alumnado con maior competencia curricular e alumnado con menor competencia.
- División equitativa do alumnado que presenta problemas condutuais que interfiran no normal desenvolvemento das clases, acreditados os mesmos nos informes de avaliación das titoras
- Igual número de nenos e de nenas en ambos grupos
- No caso de que haxa alumnado inmigrante con problemas no idioma asignarase por igual ambos grupos.
- No caso de que o seu número sexa impar asignarase ao grupo con menor número de NEAE.
- No caso de igualdade no número de NEAE asignarase en atención ao criterio de orde alfabético do primeiro apelido e segundo en caso de igualdade.
- En caso de alumnado repetidor, pertencente ao Centro, acordarase en xunta de avaliación a asignación deste alumnado ao grupo, pensando no que sería o mellor para o/a alumno/a e, tendo en conta os anteriores criterios e informes emitidos pola orientadora e titores/as.
- En caso de alumnado repetidor, que se matricula por primeira vez ao Centro, acordarase có equipo de agrupamento correspondente a asignación deste alumnado ao grupo, pensando no que sería o mellor para o/a alumno/a e, tendo en conta os informes do centro de procedencia, se os houbera, e a entrevista persoal cós pais.

PAUTAS DE ACTUACIÓN:

- 1.-Solicitud razoada, ante a Dirección do Centro, por parte do profesorado dese nivel da conveniencia de facer un novo agrupamento ou cambio dalgún/dalgunha alumno/a a outro grupo.
- 2.- Solicitud razoada, ante a Dirección do Centro, por parte do profesorado dese nivel ou da orientadora da conveniencia de cambiar algún/dalgunha alumno/a a outro grupo.
- 3.- Convocatoria da Comisión de Coordinación Pedagóxica para analizar e decidir a nova proposta. O acordo debe ser unánime
- 4.- No caso de que se decida un novo agrupamento se seguirán os criterios pedagóxicos anteriores
- 5.- Calquera cambio de alumnado nos agrupamentos será de modo individual. Levaranse a cabo as seguintes actuacións:
Estudo por parte de profesorado tit@r, do Equipo Docente orientadora, Equipo Directivo e EOE de ser o caso. Información a familia do alumno/a. Información a Claustro e Consello Escolar. Levantarase acta dos acordos.

ALUMNADO DE NOVO INGRESO DURANTE A SÚA ESCOLARIDADE

EQUIPO PARA A CONFECCIÓN DOS GRUPOS : director/a, Secretario/a, Xefe/a de Estudos, profesorado de nivel e orientadora .

Xa definidos os criterios e tomaranse as medidas oportunas para procurar a igualdade nos cursos.

Cando se incorpore alumnado novo seguiranse os seguintes criterios para a asignación a un ou outro grupo:

- O/A alumno/a de nova incorporación asinarase ao grupo que ten o menor número de alumnos. En caso de igualdade entre grupos, irá ao grupo A tendo en conta sempre o alumnado de necesidades en cada grupo.
- Se o alumnado é estranxeiro con coñecemento ou descoñecemento do idioma do idioma, quedaría asignado ao curso que lle correspondería pola idade, a no ser que o informe da Xefa do DO o desaconsellara.
- No caso de ser un alumno con idade para primeiro curso, entraría co resto de alumnos/as.

Outros casos que se puidesen presentar diferentes a estes xerais, serían tratados especificamente polo equipo, e de ser o caso solicitaráse informe da Xefa do DO.

En caso de alumnado con NEAE serán tratadas especificamente no equipo, asignarase por igual a ambos grupos, tendo en conta o mellor para o alumnado en todo caso.

Orde alfabética de apelidos.

Se ven algún alumno novo e que ademais é repetidor asignarase no grupo que teña menos repetidores.

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

O material e recursos empregados no centro deben garantir unha formación adecuada e integral, que se centre no desenvolvemento das competencias clave e que sexa equilibrada, porque incorpora na súa xusta medida compoñentes formativos asociados á comunicación, á formación artística, ás humanidades, ás ciencias, á tecnoloxía e á actividade física.

Debe favorecer unha visión interdisciplinaria e, de xeito especial, posibilitarlle unha maior autonomía á función docente, de forma que permita satisfacer as demandas dunha maior personalización da educación.

Os docentes deseñarán tarefas ou situacións de aprendizaxe que posibiliten a resolución de problemas e a aplicación dos coñecementos aprendidos.

INFANTIL

Guiándonos polas características desta etapa, na que é moi importante a selección do material, que debe ser moi variado e servir para desenvolver as capacidades afectivas, físicas, intelectuais e adecuadas as súas posibilidades.

Dentro do material didáctico seleccionado temos: xogos educativos, material impreso, instrumentos de ritmo, pinturas, material de refugallo, materiais para elaborar outros materiais, etc...

A elección facémola en función de:

- Os obxetivos que se plantean dentro da etapa.
- As situacións educativas.

- O nivel de desenvolvemento do alumnado.
 - Das situacións que desexamos propiciar.
- Outros aspectos que temos en conta á hora de seleccionar o material son:
- Que sexa seguro (Non perigoso).
 - Resistente e duradeiro.
 - Fácil de manexar.
 - Finalidade pedagóxica.
 - Atractivos.
 - Polivalente.
 - Que invite a experimentar.

Tamén debemos ter en conta onde o colocamos:

- Sempre situado ao alcance de todos/as para que o poidan coller libremente.
- Colocado e clasificado según o taller ou rincón ao que pertence.

PRIMARIA

Os criterios de selección dos materiais curriculares que tivemos en conta son os seguintes:

- Adecuación ao contexto educativo do centro.
- Correspondencia dos obxetivos promovidos cos enunciados no Proxecto curricular.
- Coherencia dos contidos propostos cos obxetivos, presenza dos diferentes tipos de contido e inclusión dos temas transversais.
- A adecuación aos criterios de avaliación do centro.
- A claridade e amenidade gráfica e expositiva.

Existen outros recursos que facilitan a actividade educativa. Atendendo a todos eles, establecemos unha serie de pautas concretas::

- Avisa coherencia co Proxecto curricular.
- Cubre os obxetivos do currículo para o nivel.
- O número de unidades organiza adecuadamente o curso.
- Os obxetivos están claramente explicitados.
- Os contidos seleccionáronse en función dos obxetivos.
- A selección de contidos está adecuada ao nivel de desenvolvemento e maduración dos alumnos e alumnas.
- Ten presente a adquisición das competencias clave
- Parte dos coñecementos previos dos alumnos e alumnas.
- Asegura a realización de aprendizaxes significativas.
- Desperta a motivación hacia o estudo e aprendizaxe.
- Potencia o uso das técnicas de traballo intelectual.
- Presenta actividades de reforzo e ampliación.
- A cantidade de actividades é suficiente.
- Permiten a atención á diversidade.
- As actividades están ben diferenciadas dos contidos.
- As informacións son exactas, actuais e científicamente rigurosas.
- A información e as explicacións dos conceptos expresanse con claridade.
- A linguaxe está adaptada ao nivel.
- A disposición dos elementos nas páxinas aparece clara e ben diferenciada.
- O aspecto xeral do libro resulta agradable e atractivo para o alumnado.
- Presenta materiais complementarios que facilitan o desenvolvemento do proceso docente.

Por outro lado, estimamos que os recursos ofrecidos pola Xunta de Galicia, o proxecto Edixgal ,para o terceiro ciclo , resultan innovadores e adaptados ás competencias básicas establecidas para o currículo, fomentando as novas tecnoloxías e o tratamento da información dixital. Estes recursos, ademais, preséntanse para o alumnado como enriquecedor e atractivos.

En todas as áreas ,o profesorado leva a cabo tamén material auto-elaborado, complementado cos recursos dixitalizados e os libros de texto dos diferentes proxectos editoriais do centro .

f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

O noso centro é un CEIP

A oferta educativa que ofrecemos é 2º ciclo de Ed Infantil e 1º, 2º e 3º Ciclo Ed. Primaria

g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias

Xustifícase a importancia das actividades complementarias e extraescolares partindo da premisa que se considera unha educación de calidade aquela que responde as novas demandas sociais de modo eficaz e proporciona non só un incremento da súa calidade de vida, se non tamén igualdade, xustiza e oportunidades para todos. Neste contexto é no que se reconece á contribución das actividades complementarias e extraescolares para lograr unha formación plena dos alumnos/as.

Por outra parte, este tipo de actividades permite unha maior participación da comunidade educativa na xestión, organización e realización de actividades, desenvolvendo valores relacionados coa socialización, a participación e a cooperación.

Consideranse actividades complementarias as organizadas durante o horario escolar de acordo co proxecto curricular e que teñan un carácter diferenciado das propiamente lectivas, polo tempo, o espazo e recursos que utilizan.

As actividades extraescolares son as encargadas de potenciar a apertura do Centro o seu entorno e procurar a formación integral do alumnado en aspectos referidos á ampliación do seu horizonte cultural, a preparación para a súa inserción na sociedades e o uso do tempo libre. As mesmas realizaránse fora do horario lectivo, terán carácter voluntario para o alumnado e buscarán a implicación activa de toda a comunidade educativa.

As actividades extraescolares e complementarias do centro recolleranse na programación de actividades extraescolares e complementarias do centro, incluído dentro da Programación Xeral Anual do Centro.

Establécense como criterios xerais para o deseño e realización das actividades extraescolares e complementarias:

-Que os obxectivos da actividade integrense no proxecto curricular do centro.

-Que estén programadas ó comenzo do curso e sexan aprobadas polo Consello Escolar.

-Os titores informarán aos pais sobre as actividades a realizar, sendo perceptivo un documento de autorización da mesma para ter constancia de que se encontra debidamente informado se a actividades realízase fora do recinto escolar.

-Existirán diversos tipos de agrupamentos, según as características da actividades, establecéndose actividades xerais do centro e por niveis.

-Por os obxectivos propostos e tratándose de actividades que favorezan o desenvolvemento das competencias básicas procurarase que todas as actividades programadas sexan moi participativas e nunca excluíntes.

Coa programación das actividades complementarias e extraescolares preténdese alcanzar os seguintes obxectivos:

-Promover a participación activa do alumnado nas actividades que impliquen unha maior autonomía e responsabilidade na organización do seu tempo libre e ocio.

-Facilitar aquelas actividades que completen o desenvolvemento integral e que favorezan a autoestima dos alumnos e alumnas.

-Desenvolver a capacidade de participación nas actividades relacionadas co entorno natural, social e cultural que se leven a cabo por organismos distintos ao centro.

-Estimular o desexo de investigar e saber

-Promover no alumno/a un sentimento positivo de pertenza ao centro e grupo

-Mellorar as relacións entre os alumnos/as fora do ámbito académico e axudarlles na adquisición de habilidades sociais e de comunicación.

-Posibilitar o acceso as actividades culturais e deportivas a tódolos alumnos/as ampliando o seu horizonte cultural.

-Reforzar os obxectivos académicos a través da participación dos alumnos/as ao poñerse en contacto co medio natural e sociocultural.

-Despertar o sentido de responsabilidade nas actividades nas que se integren e realicen.

-Favorecer e practicar a dimensión lúdica da enseñanza.

-Exercer un efecto compensador das desigualdades sociais que provocan o que moitos nenos/as non teñan a posibilidade de disfrutar do seu tempo libre por falta de medios económicos, problemas familiares e carencias no seu entorno inmediato.

h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso

Para o RE terase en conta os resultados da avaliación inicial e a información do profesorado do curso anterior. Ditos resultados comunicáranse ao Equipo de Orientación

O plan de reforzo vai dirixido ao alumno ou alumna que se atope nalgunha destas circunstancias:

- Non promociona ao ciclo seguinte .
- Alumnado de educación primaria que ten áreas instrumentais non superadas no ciclo ou ciclos anteriores.
- Alumnado que teñen un grao de desenvolvemento de competencias básicas que non se atope acorde co seu grupo de idade.
- Alumnado que presenta Dificultades de Aprendizaxe de carácter transitorio e leve, ou desfase curricular detectado ao inicio de curso mediante a Avaliación Inicial, ou ao longo del curso, ou que, aínda recibindo apoio no curso anterior, non superou as dificultades nas materias instrumentais. Estas dificultades poden vir dadas pola súa recente incorporación ao sistema educativo, escasa motivación, medio social desfavorecido.
- Aqueloutros que presenten algunha outra circunstancia que, a xuízo do/da titora e D.O, xustifiquen convenientemente a súa inclusión nestas medidas.

i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso

- O alumnado que non alcance a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considérase unha medida de carácter excepcional e tomarase si, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfase curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento. Nese caso, o equipo docente organizará un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes. Esta decisión solo poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídas as nais, os pais ou as personas que exerzan a titoría legal, e terá, en todo caso, carácter excepcional.

j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación

Ao finalizar cada ciclo ou etapa o equipo docente do grupo adoptará por consenso as decisións correspondentes á promoción do alumnado como consecuencia do proceso de avaliación. Na sesión de avaliación para a decisión de promoción, o equipo docente estudará por separado cada caso tendo en conta a singularidade de cada alumno/a e a natureza das súas dificultades, analizando se estas impídenlle verdadeiramente seguir con éxito o seguinte nivel e se hai expectativas favorables de recuperación. Se non houberse acordo, prevalecerá o criterio do/a mestre/a titor/a que terá especialmente en consideración as cualificacións obtidas nas áreas das Linguas e de Matemáticas.

Accederase ao seguinte ciclo sempre que se considere que se lograron os obxectivos mínimos da etapa ou os que correspondan ao ciclo realizado e que alcanzou o grao de adquisición das competencias correspondentes.

Promocionarase, así mesmo, sempre que as aprendizaxes non adquiridas non impidan seguir con aproveitamento o novo curso ou etapa. Neste caso, a decisión irá acompañada dos apoios necesarios para recuperar as áreas non superadas. Cando o(a) alumno(a) non cumpra os requisitos sinalados nos apartados deste documento poderá permanecer un ano máis en calquera ciclo da etapa. Esta medida so se poderá adoptar unha vez ao longo da educación primaria e irá acompañada dun plan específico de reforzo e recuperación das aprendizaxes non adquiridas co fin de favorecer o desenvolvemento das competencias básicas correspondentes. A permanencia dun ano máis na etapa terá carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto de medidas ordinarias de reforzo e apoio para liquidar as dificultades de aprendizaxe do alumno. Polo que os(as) alumnos(as) que xa permanecesen un ano máis nalgún nivel, promocionarán aínda cando non conseguisen os obxectivos do mesmo.

O(a) titor(a) solicitará da familia do(da)/da alumno(a) a información complementaria que poida serlle de interese para a toma de decisión mais adecuada. Cando a decisión adoptada comporte a non promoción ao curso ou etapa seguinte, deberá informar previamente á familia (deixando constancia de que esa información facilitóuselles) comunicándolles a natureza das dificultades que presenta o(a) alumno(a) en cuestión e as medidas complementarias que se propón adoptar con vistas a emendalas.

Crterios xerais

O alumnado con avaliación positiva en todas as áreas promocionarán automaticamente ao ciclo ou etapa seguinte.

Se un alumno/a é avaliado negativamente nas áreas troncais das Linguas e Matemáticas non poderá promocionar ao curso ou etapa seguinte. Se un alumno/a é avaliado negativamente en tres áreas ou mais, sendo unha delas Lingua Castelá e Literatura ou Matemáticas, non poderá promocionar ao ciclo ou etapa seguinte.

No resto de casos que puidesen suceder, o equipo docente estudará a natureza das dificultades, analizando se estas impídenlle verdadeiramente seguir con éxito o seguinte nivel e se hai expectativas favorables de recuperación.

Con carácter xeral, considerarase que aqueles alumnos que superen polo menos o 50% dos estándares do nivel alcanzarían o grao de adquisición de coñecementos e competencias imprescindible para afrontar as aprendizaxes do seguinte nivel.

En calquera caso, considerarase que NON contan co nivel de competencia necesario para promocionar, aqueles alumnos que non superen os estándares e/ou descriptores que se relacionan. (NALGUNHAS MATERIAS ESPECIFICANSE OS IMPRESCINDIBLES PARA PROMOCIONAR)

Con todo, se un alumno/a superase estes estándares e/ou descriptores pero non alcanzase o 50% do total dos estándares de nivel, poderá promocionar coa materia suspensa, a condición de que as aprendizaxes non alcanzadas non lle impidan seguir con aproveitamento o novo curso ou etapa".

Principio de individualidade e flexibilidade

Dado que cada alumno/a presenta as súas propias características tanto persoais como socio-familiares así como no seu proceso de aprendizaxe, a aplicación dos criterios de promoción será flexible, considerando sempre a mellor opción para que o alumno alcance o máximo desenvolvemento das competencias básicas e do seu desenvolvemento persoal e social.

Alumnado con NEE

Para a avaliación e promoción do alumnado de Educación Especial e con neae terase en conta a ORDE do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e seguiranse as orientacións dos diferentes protocolos, sobre a aplicación de medidas para a avaliación deste alumnado.

EDUCACIÓN INFANTIL: CRITERIOS PARA VALORAR A PERMANENCIA

A avaliación no segundo ciclo da Educación Infantil debe servir para identificar as aprendizaxes adquiridas e o ritmo e características da evolución de cada alumno. A avaliación da aprendizaxe dos alumnos será global, continua e formativa. A observación directa e sistemática constituirá a técnica principal do proceso de avaliación. Para estes efectos, tomaranse como referencia os criterios de avaliación de cada unha das áreas. (Anexo 1)

A Dirección do centro solicitará e realizará a proposta de permanencia ou prórroga dun ano máis en E. Infantil, unha vez argumentada por todo o equipo de profesionais que traballaron co neno/a. Para iso, valorarase a proposta que o Equipo de Orientación faga a este respecto, indicando os criterios técnicos que xustifiquen dita solicitude. Esta medida ten consideración de medida extraordinaria e excepcional e deberá estar condicionada ás necesidades

específicas de cada neno/a.

A permanencia en Educación Infantil, estudarase nunha reunión durante o segundo trimestre de Infantil 5 anos, na que se garantirá a participación de todo o equipo docente que traballa directamente co alumno, co obxectivo de informar e acordar sobre a capacidade e desenvolvemento madurativo do mesmo.

O alumno que prorrogue:

¿ Deberá ser alumno de necesidades educativas especiais e presentar un desfase mínimo de dous anos no desenvolvemento madurativo en relación á idade cronolóxica.

¿ Deberase valorar se a permanencia ou non dun ano máis, cubrirá a necesidade de atención individualizada do devandito alumno/a, e se se poderán garantir os recursos e apoios que tanto o alumno/a como o resto do grupo necesitarán.

¿ Valoraranse as características do nivel Infantil 4 anos para garantir que esta medida beneficiará ao alumno.

Procedemento para a permanencia dos alumnos con necesidades educativas especiais no segundo ciclo de Educación Infantil

A Dirección de Área Territorial correspondente poderá autorizar, con carácter excepcional, a permanencia dos alumnos con necesidades educativas especiais un ano máis no segundo ciclo de Educación Infantil, sempre que non esgotasen esta vía no primeiro ciclo e considérese beneficioso para alcanzar os obxectivos da etapa así como para a súa aprendizaxe e a súa integración social e educativa. O Director do centro solicitará a permanencia dun ano máis na etapa de Educación Infantil á Dirección de Área Territorial no último trimestre do curso escolar.

A solicitude irá acompañada da seguinte documentación:

- a) Informe psicopedagógico actualizado
- b) Informe motivado do titor e do equipo docente
- c) Conformidade dos pais ou titores legais coa proposta

O titular da Dirección de Área Territorial resolverá a autorización, previo informe do Servizo de Inspección Educativa, trasladando a decisión ao centro docente antes da finalización das actividades lectivas do correspondente curso escolar no que se solicita.

INFORMACIÓN Á FAMILIA DA TOMA DE DECISIÓN DE NON PROMOCIÓN

Os pais ou titores legais do alumno/a poderán solicitar unha entrevista co titor antes da sesión final de avaliación para expresar as súas opinións acerca da promoción. En todo caso, cando se prevexa que a decisión que adoptará o equipo docente poida ser a non promoción, o titor ou titora citará á familia para darlles a información; recollerá por escrito o tratado na entrevista e trasladará as súas consideracións á xunta de avaliación. Estas conclusións e impresións dos pais ou titores legais acerca da promoción nunca serán vinculantes na decisión do equipo docente, que tomará por consenso a decisión relativa á promoción do alumno/a.

D./Dna..... nai/pai/titora/titor legal, con DNI....., do/a alumno/a, do nivel....., do nivel.....expón haber sido informado/a polo/a titor/a D. /dna..... da proposta da:

NON PROMOCIÓN E PERMANENCIA DUN CURSO MAIS NO 2º CICLO DE PRIMARIA

Outras observacións _____

Pontevedra a _____ de _____ de 2022

Pai/nai/titor/a legal O/A Titor/a

Fdo: _____ Fdo _____

D./Dna..... nai/pai/titora/titor legal, con DNI-----, do/a alumno/a -----, expón haber sido informado/a polo/a titor/a D. /dna _____ da proposta da:

PERMANENCIA DUN ANO MAIS NA ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL

Como medida adecuada para o seu desenvolvemento do seu equilibrio persoal a da súa socialización para o ano académico 2021.2022

Pontevedra a _____ de _____ de 2022

Pai/nai/titor/a legal O/A Titor/a

Fdo: _____ Fdo: _____

k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

Os equipos docentes poderán propoñer o outorgamento dunha mención honorífica aos alumnos e ás alumnas que superasen todas as áreas da etapa e obtivesen sobresaliente ao rematar educación primaria en varias áreas e que demostren un rendemento académico excelente.

A) CRITERIOS PARA LA MENCIÓN HONORÍFICA

1. Cumprir os requisitos que establece a lexislación vixente

Outorgarase Mención Honorífica ao alumnado que obtivese un Sobresaliente ao finalizar 6º de Educación Primaria, sempre que, a xuízo do equipo docente, demostre un rendemento académico excelente.

O equipo docente considerará como rendemento académico excelente ao alumnado que cumpra os seguintes requisitos:

¿ Rendemento académico destacado en todas as áreas e ao longo de toda a súa escolaridade. Ter nota media de sobresaliente ao finalizar cada ciclo da Educación Primaria.

¿ Presentar un nivel alto de adquisición das Competencias clave

¿ Destacar no seu esforzo escolar, participación e interese no traballo diario a longo da Educación Primaria.

¿ Contribuír co seu comportamento e actitude a que haxa un bo clima de compañerismo no aula. Polo tanto non pode ter ningunha conduta contraria ou gravemente prexudicial para a convivencia rexistrada.

¿ Non repetir ningún curso durante toda a etapa primaria salvo causa de forza maior.

¿ Asistir con regularidade a clase, sendo as faltas de asistencia sempre xustificadas.

¿ Informe do profesorado titor

B) A obtención da Mención Honorífica deberá quedar reflectida no expediente e historial académico e no documento de avaliación final de etapa do alumnado.

C) O equipo docente poderá outorgar outro tipo de recoñecementos a aquel alumnado que ao seu xuízo merezao aínda que non quede reflectido no seu expediente.

l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas, que incluírán un modelo de programación e de resumo para o alumnado e as familias

As programacións didácticas axustaranse ao seguinte esquema:

1. Introducción
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias
3. Unidades Didácticas
 - 3.1. Relación de unidades didácticas
 - 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas
 - 3.3. Avaliación das unidades didácticas
- 4- Metodoloxía
 - 4.1. Concrecións metodolóxicas
 - 4.2. Materiais e recursos didácticos
- 5- Avaliación
 - 5.1. Procedemento para a avaliación inicial
 - 5.2. Criterios de cualificación e recuperación
 - 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes
 - 5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias
6. Medidas de atención á diversidade
- 7- Transversais
 - 7.1. Concreción dos elementos transversais
 - 7.2. Actividades complementarias
- 8- Práctica docente
 - 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro
 - 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora
- 9- Anexo .Información docente
 - 9.1. Distribución CA por UD (por OBX)
 - 9.2. Distribución CA por UD (por Bloque)
 - 9.3. Orientacións pedagóxicas: Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe

3. O equipo docente realizará o seguimento das programacións didácticas de cada área, con indicación do seu grao de cumprimento e, en caso de desviacións, cunha xustificación razoada.

4. A consellería con competencias en materia de educación promoverá o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na elaboración e no seguimento das programacións didácticas.

Ditas programacións elaboraranse a través da aplicación PROENS e estarán dispoñibles na páxina web do centro en formato pdf a disposición da comunidade educativa.

m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

Os criterios que se seguirán para participar en proxectos, plans e programas do centro , tendo en conta que:

Un proxecto educativo ten a finalidade de inculcar un aprendizaxe. A súa planificación debe realizarse acorde a unha meta académica.

Que poida resolver un determinado problema educativo que se teña identificado previamente no centro.

Que axude a detectar e reducir as necesidades do alumnado en diversos campos académicos , emocionais, sociais....

A problemática que se aborde debe estar ben delimitada e ser do interese común para que produza un impacto positivo na comunidade educativa.

n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

O órgano responsable da revisión da CC será á CCP

Ao inicio de curso a CCP revisará a CC e valorará si é necesario que o claustro aporte propostas para modificar a CC. De ser positiva esa valoración a CCP recollerá as aportacións do claustro quedando rexistro das mesmas mediante actas e valorará a súa inclusión no documento.

As propostas aprobadas serán incluídas na CC e na acta correspondente

o) Outros apartados